



# PROMIL

O PROMIL (**Programa municipal de integración laboral**) estivo dirixido á contratación de traballadores/as desempregados/as para a realización de obras de interese municipal. O contrato tiña unha duración máxima dun ano, con financiamento exclusivamente municipal.

O criterio preferente para a selección dos/as traballadores/as foi a "necesidade social" (valoración da renda da unidade familiar).

Para o seu desenvolvemento existía unha comisión de selección e control, constituída polos asinantes do Convenio colectivo para persoal laboral temporal contratado polo Concello de Vigo nos programas de fomento do emprego, polo que se rexían.

Dende o 1 de xaneiro de 2001 ata o 31 de marzo de 2003 polo programa pasaron 227 persoas beneficiarias contratadas por un ano que, ademais de recibir diferente formación (cursos de albanaría, xardinaxe, cantería, electricidade, habilidades de mando e dirección de equipos, prevención de riscos laborais), realizaron as seguintes actuacións:

- Remataron 5.843 m<sup>2</sup> de beirarrúas en diferentes zonas da cidade, deles máis da metade co engadido de realizar a canalización de pluviais.
- Pavimentaron 158.646 m<sup>2</sup> de rúas e camiños da nosa cidade.
- Substituíron 50.604 m de cable de tendido eléctrico, para a renovación da iluminación pública.
- Levaron a cabo a realización de tres xardíns enteiros e tres pradeiras, cunhas superficies de máis de 15.000 m<sup>2</sup>.

